

## **NOVAS INSTRUCIÓNS DE CONTACTO**

Como ben sabedes, imos ter que estar na casa mais tempo do que tiñamos pensado ou do que nos gustaría. Polo tanto teño que modificar o sistema de corrección. Así que a partir de agora, as **actividades que vos diga tedes que enviarmas por correo electrónico**. Nas outras instrucións puxen o correo que me proporciona a Xunta de Galicia para despexar dúbidas. Pero a partir de agora imos usar un correo de **Gmail**, xa que ten mais capacidade para os arquivos. Polo tanto, cando así volo indique enviades as vosas tarefas a:

[inglesmuros@gmail.com](mailto:inglesmuros@gmail.com)

Como vedes é o mesmo correo que usamos para acceder ao libro online deste trimestre, así que o tedes todos apuntado. Intentade por favor, ter acceso ao correo que usades para mandarme as tarefas e poñede o voso **nome e curso** cando as mandedes. Pode ser que teñades un nome de usuario completamente distinto ou que me enviades cousas desde a conta de vosos pais. **Non vou corrixir nada que me chegue ao anterior correo**, así que por favor estade ben atentos a isto.

Por último, quería comentarvos que só tres persoas se puxeron en contacto comigo durante a pasada semana. Por favor, preguntade dúbidas, contestareinas todas. E en caso de que sexa necesario poñernos en contacto por outros medios, tamén se pode facer.

Recordade que non son vacacións, así que aproveitade o tempo ao máximo, pero sen se agobiar e, sobre todo, contactade comigo sempre que nos sexa necesario.

Unha aperta grande para todos e ánimo!

Inés